

O neurocirurxán Ricardito Marzoa visita a residencia onde o seu pai permanece incapacitado. Sinte cara a el un fondo resentimento, mais acode por demanda do seu tío, irmán do doente, quen falecera hai pouco e lle deixara ao sobriño a casa familiar. Coincide que o Ricardito está a vivir días de cataclismo existencial; e o relato da súa catarse e posterior mudanza é o que nesta novela se presenta, desintegrado e distribuído entre os monólogos do protagonista e as escenas dialogadas, con outros personaxes e escenarios, para ampliar ou contrastar a interpretación dos feitos que aquel narra.

A carón da cama do pai, novas conversas a unha soa voz que parecen pedir declamación dramática, o personaxe – quen máis se comporta coma un bota por fóra que coma un fóra de si – aproveita a súa situación para cuspir, sen agardar resposta, todo o rancor acumulado contra quen responsabiliza do seu fracaso e supón amolar coa súa resurrección. Esta prodúcese tras o escándalo na corte e a mudanza á aldea, e o grande cambio en cuestión consiste en substituír un traballo sen vocación, unha muller fría, unha filla que non entende

e a adición ao alcohol por un vivir de rendas mentres fedella na horta, despois de liarse cunha veciña, indubidablemente

As escenas dialogadas inclúen certo aire de caricatura

máis paixonal, que ten a filla xa criada – dese lisérxico e empenador foguete, mellor nin comentarios –, e que con tanta dilixencia lle sabe pasar o ferro como a mellor marihuana. Cabe pensar que a épica fica escasa e que os caracteres femininos non son moi estimulantes.


As escenas dialogadas inclúen certo aire risible, mesmo de caricatura – a reanimación na rúa, os tópicos sobre politikeos ou sobre o agro na conversa co tractorista – algo do que, en xeral, carece o discurso de Marzoa, sempre verbo de si mesmo e acompañado da persistente dúbida sobre se el é ou non é, se conta ou non conta, mentres, imparabile, acusa, explícase ou xustifícase, pregúntase e respóndese, interpreta e recorda presente e pasado. Pode chegar a enervar tanto dilema, mais este recurso de caracterización conséntase, curiosamente, recorrente e característico na pro-

dución deste autor, quen tamén insiste con frecuencia na estrutura fragmentaria de situacións concatenadas para reconstruír, desde diferentes ópticas, un personaxe afectado por crises de identidade e segredos familiares, normalmente arraigados no franquismo e que habitualmente o abocan a un conflito detonado perimortem; sendo, así mesmo,

Con estrutura fragmentaria

Crises de identidade, segredos familiares

DOLORES MARTÍNEZ TORRES



moi representativos na súa obra o reflexo da fala no texto e a introdución de pinceladas xeográficas asociadas á crítica socio-política; e, ata como detalle menor, estrofas dalgunha canción para ornamentar o encabezado dos capítulos. Todo iso e máis pode atoparse nas páxinas, para reafirmación de ideas dos seus fans e detractores.

Ignórase se o xa excirurxán acabará en terapia e curará do que aínda lle proe, quizais noutra novela; mais se tal fose, seguro que o psiquiatra, igual que os lectores, observará un temperamento primario na recompensa e infantil na vinganza, cunha necesidade insá de aprobación por parte dos demais – de quen, por certo, se amosra bastante mal entendedor, se cadra distraído na defensa do seu propio dereito á felicidade –, que tanto pode facelo estoupar cando non recibe o que el cre merecer (e, daquela, comete un disparate), como o empurra aos actos máis radicais cando recibe o que non cre merecer (e, daquela, comete un disparate). Un comportamento pouco plausible, en calquera caso, de alguén polo que é difícil sentir simpatía, nin cando atribulado nin cando satisfeito.

DE TORO, Suso, *Fóra de si*, Ed. Xerais, Vigo, 2018, PVP. 17 €